

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa a insuficiencia de medios nos xulgados que entenden de violencia machista.

Exposición de motivos

Cos datos da estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial, do segundo trimestre do 2015, nos xulgados galegos hai pendentes 1.975 asuntos penais relacionados coa violencia machista.

Cos datos das memorias dos tribunais e xulgados de Galicia os datos non deixan de amosar un crecemento sostido: no que se refire á restritiva fórmula de violencia doméstica, no ano 2012 presentáronse 885 denuncias, no 2013, 966, e no 2014 a cifra subiu a 1.025.

Os datos de denuncias que refiren violencia contra a muller, extraídos tamén da estatística da memoria de xulgados e tribunais presenta esta evolución:

- 2012: 4.788 denuncias.
- 2013: 5.174 denuncias.
- 2014: 5.209 denuncias.

Os datos reflicten un progresivo crecemento das causas pendentes nunha Comunidade que só ten dous xulgados específicos, na Coruña e Vigo, que atendan de xeito exclusivo de violencia contra a muller.

En Ourense, a xulgado número 3, que tamén entende destes casos, de entre todos os órganos de instrución ou competencia mixta existentes en Galicia. Así para 2014 este órgano recibiu directamente 395 asuntos e outros 47 doutros órganos. Instalación que non reúne as condicións axeitadas para esta problemática, ao adoeecer dun espazo que preserve a intimidade das vítimas.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a demandar do goberno central a creación de novos órganos xudiciais exclusivos que entendan de violencia contra a muller, en particular na cidade de Ourense, que faciliten a redución dos asuntos pendentes nesta xurisdición.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a aumentar os medios económicos e materiais para que os xulgados que entenden de violencia contra a muller dispoñan dos medios materiais necesarios para preservar a intimidade das vítimas.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que realice as xestións que permitan conquistar o aumento do persoal policial asignado á loita contra a violencia de xénero.

En Compostela, a 9 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 09/11/2015 13:35:25